

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 11 de decembro de 2005.-

Desequilibrio

Contemplada dende o espazo a imaxe da Terra debe de resultar moi atractiva: unha boliña de tonalidades azuladas a xirar e xirar sen parar nunha antiga coreografía, moi lenta e tamén moi precisa, a aboiar nun silencio que quizais faga esquecer toda a gama de contrastes que agacha no seu seo, porque non é o mesmo o frío extremo de Siberia que a calor abrasadora do Kalahari, e porque non é o mesmo a densa exuberancia das selvas amazónicas que a aridez infinda dos desertos de Australia, nin son o mesmo as capas de néboa que envolven o Everest que o sol que do Caribe a lamber as praias, nin os xeos sempiternos da Antártida son o mesmo que as areas tremendamente resacas do Sahara.

O noso planeta, unha perfecta e precisa balanza, leva millóns de anos a coidar do perfecto equilibrio deste xogo de contrastes, e precisamente niso residen a súa extraordinaria beleza e maila súa grandiosidade.

Mais a Terra é tamén unha velliña que está moi cansa, moi fatigada, moi extenuada, moi exhausta, e cústalle cada vez máis aturar os conflitos que producen os desequilibrios na súa pel envellecida e engurrada, así que de cando en vez bota unha prolongada pero inútil queixa dende as súas máis íntimas entrañas.

Porque non son o mesmo as chousas miserentas das chairas de Kenya que os altivos edificios que desafían o ceo na illa de Manhattan. Porque non é o mesmo para un neno abrir os ollos ao mundo en Norteamérica que facelo en

Asia ou en África. Porque non é o mesmo ser un turista nun cruceiro de pracer polo Mediterráneo que ser un africano desesperado e procurar un soño imposible botándote ao mar a bordo dunha barca. Que instrumento hai que utilizar para medir a condición humana? Cal é o seu valor exacto? Quen ten as regras para poder taxala? O prezo da vida sube e baixa, váiselle o pulso e logo vólvelle nas estatísticas gráficas da bolsa, gaña enteiros ou pérdeos a unha velocidade que chega a ser indignante, sobre todo se temos en conta que un dos factores máis influentes nestas subidas e nestas baixadas é algo tan sumamente sinxelo como o lugar onde se naza. Porque non é o mesmo nacer entre lixos nunha favela de Río que entre algodóns na opulencia de calquera país rico. Cando un nace nunha familia pobre, nun barrio pobre dun país pobre, nunha sociedade empobrecida, pobre vai quedar probabelmente para toda a súa vida. Porque para os cativos que veñen ao mundo en Ruanda, en Burundi, en Somalia, en Zambia, en Etiopía... vivir é simplemente sobrevivir, e xogar é unha loita desesperada por unha miserábel ración de comida. A nenez deixa de chamarse nenez porque pasa a ser esperanza de vida!

Cando xoga á roda collida da man dos outros planetas a Terra intenta agachar como sexa as súas vergonzas, todas aquelas cousas que lle fan poñer o seu xesto máis serio, a súa faciana máis tristeira. Porque non é o mesmo o agarimo da chuvia a acariñar os tellados das casas que o pesadelo dos avións a bombardealas. Porque non é o mesmo xogar á pelota nun parque que pasar a mañá enteira a botarlles pedras aos tanques. Porque non é o mesmo ser un neno en Europa ou Norteamérica que selo en Iraq, en Irán ou na franxa de Gaza. Porque non é o mesmo ser un cativo no Xapón que selo en

Mozambique, en Sudán, en Angola, en Ghana ou en Uganda. Porque non é o mesmo erguerse pola mañá para ir á escola que non poder facelo porque un obús acaba de derribala. Canto pode chegar a depreciarse nunha guerra o valor da vida humana? Cantas racións de alimentos básicos poden mercarse polo prezo dunha caixa de granadas?

En máis de medio mundo, nun pesadelo que non cesa, os pequenos con desnutrición crónica, enfraquecidos até límites insospeitados, espectros con vida, esqueletos que aínda respiran, non teñen líquidos no corpo capaces de producir bágoas. Ao mesmo tempo en Occidente, cun crecente problema de obesidade infantil, os nenos, rodeados de montañas de cousas absolutamente innecesarias, choran porque se lles antolla unha lambetada e as máis das veces os pais, por non oílos, cala neno, déixame en paz, acaban por mercárllela.

Non hai nada que indique que a curto ou medio prazo estes tremendos desequilibrios poidan chegar a solucionarse. Entrementres Occidente brinda con champaña por un novo éxito na carreira pola conquista do espazo, cada vez que pon en órbita outro astronauta. Entrementres as máis grandes empresas do mundo cóllense da man e bailan para celebraren a última subida dos índices bolsistas na máis grande festa da avaricia e a cobiza xamais imaxinada. Entrementres as cadeas de fabricación de armamento, abertas vinte e catro horas, coma as farmacias, producen e producen sen folgar nun frenesí desconcertante ao tempo que os cartos enchen as gabetas das caixas.

Entrementres a Terra, miña pobre anciá desvalida, non pode menos que ficar calada. Xa non lle quedan forzas para nada. Pésalle o corpo por moitos lugares. Tanto desequilibrio non é doado de aturar por unha velliña tan cansa!

© Xesús Constela Doce, 2005